



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 1/2020 DO PLENO REALIZADA O DÍA 9-3-2020

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e cero minutos do día nove de marzo de dous mil vinte reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DO 13-12-2019. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polos corporativos, pero detectouse, tendo en conta os requirimentos da Deputación Provincial da Coruña, que existe un erro na suma total do cadro do parágrafo 2 do acordo do punto 2 do Plan Provincial de Obras e Servizos de competencia municipal POS+ 2020 (páxina 3):

TOTAL errado: 206.543,74 €

TOTAL correcto: 146.646,98 €.

Sen máis propostas de corrección, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando **aproba-da** por unanimidade de 9 votos favorables a acta da sesión extraordinaria de 13-12-2019, coa corrección do importe errado no punto 2.

2. SORTEO COMPOSICIÓN MESAS ELECTORAIS PARA ELECCIÓN AUTONÓMICAS DO 5-4-2020. Dáse conta do Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia para o vindeiro 5-4-2020. En consecuencia, en aplicación



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

do art. 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, corresponde ao concello a formación das mesas electorais do municipio mediante sorteo plenario público.

Preventivamente os membros do Pleno Municipal, por unanimidade, acordan elixir por mesa 9 electores máis dos previstos como titulares e suplentes, en calidade de suplentes reservas, en previsión de que resultara imposible notificar a algúns deles ou resultaran escusados pola Xunta Electoral; nestes supostos os suplentes substituirán aos titulares pola súa orde, así como os reservas incorporaranse como suplentes se os nomeados foran desprazados, incluso podendo optar a outros cargos non especificamente sinalados (exemplo: reserva de presidente para vocal, vocal para presidente se conta con titulación adecuada, etc.), co obxecto de deixar completa a formación da mesa e non dar lugar a novos sorteos plenarios.

A elección dos membros de cada mesa (titulares, suplentes e reservas) prodúcese mediante sorteo por programa informático (INE - Conoce), aplicadas ás correspondentes listas de electores aptos para vogais e presidentes; de todo o proceso obtívose o seguinte resultado:

Sección 1ª Mesa A (Ambroa)

TITULARES		NºELECTOR
Presidente:	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, YAIZA	A0103
1º Vogal:	MACEIRA PEREIRO, JOSÉ MANUEL	A0164
2º Vogal:	FRAGA RODRÍGUEZ, JUAN MANUEL	A0106
SUPLENTES		
1º de Presidente:	RIVERO VIDAL, ANA ELIA	A0236
2º de Presidente:	MARTÍNEZ LÓPEZ, MIGUEL ÁNGEL	A0171
1º de 1º Vogal:	CAMBA CALVIÑO, JUAN CARLOS	A0059
2º de 1º Vogal:	VÁZQUEZ PENA, ANTONIO	A0289
1º de 2º Vogal:	LÓPEZ LÓPEZ, ISAÍAS	A0152
2º de 2º Vogal:	LISTA FRAGA, PABLO	A0142
SUPLENTES RESERVAS		
De Presidente:	PASABANT QUINTIÁN, MIKEL	A0204
	SANCHEZ RIVEIROS, EVA MARÍA	A0260
	DEIBE LÓPEZ MARÍA YOLANDA	A0083
De 1º Vogal:	LAGARES SANMARTÍN, Mª MERCEDES	A0137
	BECERRA ANIDO, ISABEL	A0032
	PURRIÑOS GARCÍA, ALBA	A0223
De 2º Vogal:	PÉREZ RODRÍGUEZ, JOSÉ LUIS	A0211
	BARALLOBRE SEREN, ALBERTO	A0028
	VIDAL PEREIRO, MANUEL	A0304

Sección 1ª Mesa B (Irixoa + A Viña)

TITULARES		
Presidente:	VARELA SORIANO, ÓSCAR	B0317
1º Vogal	CACHAZA RAMOS, INÉS	B0039
2º Vogal	DÍAZ PAZ, MARÍA JOSÉ	B0083
SUPLENTES		
1º de Presidente:	LÓPEZ GARCÍA, CRISTINA	B0165
2º de Presidente:	CASTRILLÓN VIDAL, EDMUNDO	B0060



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1º de 1º Vogal:	SANTAMARIÑA RUIZ DE LEÓN, MANUEL	B0296
2º de 1º Vogal:	CUPEIRO LÓPEZ, GEMMA MARÍA	B0074
1º de 2º Vogal:	LÓPEZ GÓMEZ, AMRÍA ISABEL	B0167
2º de 2º Vogal:	BOUZÓN BOUZÓN, MANUEL ÁNGEL	B0023

SUPLENTES RESERVAS

De Presidente:	CALAZA DIAZ, RUBEN	B0049
	LÓPEZ DÍAZ, ANTONIO	B0158
	GARABANA SORDO, MANUEL FRANCISCO	B0123
De 1º Vogal:	LOPEZ MARTINEZ, ESTEFANÍA	B0172
	PEREIRA ROCA, JOSE ANTONIO	B0230
	PENA DÍAZ, GEMMA	B0224
De 2º Vogal:	FERNANDEZ GOMEZ, MARÍA MODESTA	B0108
	PENA PÉREZ, EZEQUIEL	B0227
	NOGUEROL REGUEIRO, JOSÉ	B0205

Sección 1ª Mesa C (Mántaras + Coruxou)

TITULARES

Presidente:	CALAZA FREIRE, PAULA	C0038
1º Vogal:	BOUZÓN LÓPEZ, JOSÉ ÁNGEL	C0018
2º Vogal:	PÉREZ COUCEIRO, GEMMA	C0202

SUPLENTES

1º de Presidente:	GUERRA FERNÁNDEZ, MARÍA JOSÉ	C0114
2º de Presidente:	LAGE GÓMEZ, CATUXA	C0119
1º de 1º Vogal:	BARRAL BOUZÓN, MARÍA DEL PILAR	C0011
2º de 1º Vogal:	MANIVESA PÉREZ, JOSÉ MANUEL	C0158
1º de 2º Vogal:	LAGE OTERO, MARÍA TERESA	C0121
2º de 2º Vogal:	MANIVESA PÉREZ, FRANCISCO J.	C0157

SUPLENTES RESERVAS

De Presidente:	SOUTO GARCÍA, MARÍA BELÉN	C0232
	PENA FREIRE, SOFÍA	C0198
	FREIRE LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO	C0086
De 1º Vogal:	LORENZO SEIJAS, MARÍA PLACERES	C0153
	FARALDO FREIRE, MARÍA GERTRUDIS	C0074
	CRESPO MIRAGAYA, FRANCISCA	C0061
De 2º Vogal:	REY MELLID, MARÍA DOLORES	C0218
	CHARLÓN OTERO MARÍA ELENA	C0054
	MARTÍNEZ CASTRO, MARÍA DEL CARMEN	C0167

Sección 1ª Mesa D (Verís + Churío)

TITULARES

Presidente:	VÁZQUEZ VARELA, VERÓNICA	D0295
1º Vogal:	GÓMEZ ARES, ROSA ANA	D0115
2º Vogal:	CARAMÉS MARTÍNEZ, LUÍS	D0038

SUPLENTES

1º de Presidente:	GARCÍA PÉREZ, RUBÉN	D0103
2º de Presidente:	RODRÍGUEZ SANTISO, ANTONIO GUILLERMO	D0246



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1º de 1º Vogal:	CALVO GARCÍA, MARÍA ROSA	D0036
2º de 1º Vogal:	VÁZQUEZ VARELA, LYDIA	D0294
1º de 2º Vogal:	RIVAS SÁNCHEZ, ROSA ISABEL	D0230
2º de 2º Vogal:	RÍO DEIBE, LAURA	D0226

SUPLENTES RESERVA

De Presidente:	RÍO DEL CLARKE, CARLOS ALFREDO	D0025
	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SANDRA	D0091
	FREIRE SANJURJO, ANTONIO	D0096
De 1º Vogal:	DEIBE VÁZQUEZ, MARÍA JOSEFA	D0059
	PÉREZ PÉREZ, MARÍA CELIA	D0198
	RODRÍGUEZ BARBEITO MARÍA DOLORES	D0240
De 2º Vogal	ARES PÉREZ MARÍA CARMEN	D0014
	COUCEIRO YÁÑEZ, JOSÉ ANTONIO	D0052
	PEREZ FREIRE, MARTÍN	D0194

3. ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ TITULAR 2020. Dáse conta do resultado da convocatoria para o posto citado, aprobada por acordo plenario do 13-12-2019 e publicada no BOP de 3-1-2020, pola cal se presentaron en prazo as seguintes instancias:

1. Bernardo Golpe Romero, con DNI nº 76.XXX.127-X, con data do 15-1-2020.
2. María Dolores Rodríguez Barbeito, con DNI nº 76.XXX.013-X, con data do 17-1-2020.
3. Andrés M. Rodríguez Rodríguez, con DNI nº 32.XXX.219-X, con data do 17-1-2020.
4. Alba Somoza González, con DNI nº 79.XXX.813-X, con data do 24-1-2020.

Os números do DNI están semicocultos pola normativa de protección de datos persoais.

A primeira candidatura dá lugar a un debate sobre a oportunidade e conveniencia da mesma para cubrir o posto de xuíz.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) considérase que hai que renovar persoas cando hai outros aspirantes ao posto; tamén lembra que na elección anterior xa tivo unha oposición frontal a dita candidatura.

O sr. Boado (BNG) tamén manifesta que hai que proceder a elixir outra persoa para dar lugar a repartir traballo.

O sr. Freire (PP) manifesta que pola dedicación e, sobre todo, pola retribución do cargo, non pode considerarse este como un traballo, xa que os ingresos son mínimos.

O sr. alcalde (PP) declara que o concello ten que velar pola rapidez, efectividade e calidade do traballo aos veciños, onde Bernardo Golpe confirmou sobradamente todas estas condicións, polo que o grupo popular votará a súa candidatura.

Sometidas as candidaturas a votación ordinaria, obtense o seguinte resultado.

1. Bernardo Golpe Romero, 7 votos.
2. María Dolores Rodríguez Barbeito, 2 votos.
3. Andrés M. Rodríguez Rodríguez, 0 votos.
4. Alba Somoza González, 0 votos.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Sen necesidade de repetir a votación entre as 2 candidaturas con maior número de votos, ao acadarse xa na primeira a maioría absoluta, declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Desígnase e propónse ao Tribunal Superior de Xustiza a Bernardo Golpe Romero, de profesión xubilado (antes bombeiro), para o cargo de Xuíz de Paz titular de Irixoa (resolvendo a convocatoria publicada no BOP do 3-1-2020), en atención ao disposto nos arts. 99-103 da Lei Orgánica 6/1989 e no escrito da Secretaria de Goberno do TSJ de 16-12-2019.
2. Remítirase certificado do presente acordo, así como copia do expediente actuado, ao Tribunal Superior de Xustiza.
3. Notificar o presente acordo aos candidatos, como acto de trámite.

4. RECOÑECIMENTO DO CARÁCTER PRIVADO DA PARCELA R.C. 15040C501090210000BA (CAMIÑO EN FEAL): JOSÉ ANTONIO FARALDO CASTRO.

Dáse conta do contido do escrito de José Antonio Faraldo, rexistrado de entrada co nº 151 (registro telemático) do 18-12-2020, que solicita que ao concello que acorde o recoñecemento do carácter privado dun camiño de acceso á vivenda familiar en Feal (Mántaras). O expediente debe someterse á exposición pública durante o prazo establecido e logo analizaranse as alegacións á declaración de privacidade; o técnico municipal informa da consideración do camiño en cuestión como privado, dado que afecta a unha zona de concentración parcelaria.

Prodúcese un debate sobre o pouco rigor técnico da derradeira renovación catastral, catastrando como públicos camiños privados e esquecéndose de moitos camiños públicos, así como tamén chégase a constatar que existen na zona outros camiños con idéntica problemática ao solicitado, que tampouco constaban na planimetría da concentración parcelaria:

- camiño parcelado co nº 9019 do polígono 501, e
- camiño parcelado co nº 9025 do polígono 501 (consta como servidume na concentración).

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, aprobándose, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Atendendo á petición do escrito de José Antonio Faraldo Castro, así como por propia contatación municipal, o Concello de Irixoa recoñece provisionalmente que os tramos de camiños abaixo sinalados como municipais na zona de Cela - Mántaras, dentro do polígono 501 e zona concentrada, non son de titularidade municipal nin de uso público. O camiño pertencían ás parcelas indicadas, sendo catastrados erroneamente a nome do concello.

- camiño parcelado co nº 9021 do polígono 501 (88 m², supostamente pertence á parcela 10143),
- camiño parcelado co nº 9019 do polígono 501 (227 m², supostamente pertence ás parcelas 142, 154 e 5.048)
- camiño parcelado co nº 9025 do polígono 501 (227 m², supostamente é unha servidume da parcela 68 en favor da parcela 64).

Para tal recoñecemento tense en conta que existen tales tramos, pero sempre foron tidos por privados e non consta cesión nin aparecen na planimetría da concentración parcelaria, a pesar de que na revisión catastral foron atribuídos erroneamente ao concello. O Concello de Irixoa tamén fai constar que, tendo en conta o carácter privado de tales tramos de camiño, o mante-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

mento e reparación dos mesmos non será responsabilidade municipal. Realizaranse os trámites oportunos para que os planos do catastro plasmen correctamente a natureza privada de tales tramos.

2. Este acordo provisional será sometido a información pública polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios publicados no BOP e insertados nos lugares de costume. No caso de que non se presentasen alegacións, sen necesidade de máis trámite, os presentes acordos elevaranse automaticamente a definitivos.

4. Notificarase o acordo definitivo do expediente ao solicitante, utilizando o modelo C-9985 dos establecidos polo concello.

5. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 27-2-2020 DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019: MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO. Dáse conta da resolución de aprobación e do resultado da liquidación do orzamento do 2019 (27-2-2019):

- resultado orzamentario: 53.298,57 €
- resultado orzamentario axustado: 68.820,80 €
- remanente de tesourería total: 403.225,93 €
- remanente de tesourería para gastos xerais: 391.594,01 €
- cumprimento da regra de gasto: -186.416,12 €

Tamén se dá conta do informe de intervención sobre a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e o nivel de débeda, concluíndo que a liquidación respecta a estabilidade orzamentaria e o límite do nivel de débeda (9,61 %, computando a operación de tesourería actual), pero que incumpre amplamente a regra de gasto. Advírtese que hai un déficit de 100.472,43 € no funcionamento corrente (sen investimentos), cando o habitual e ter superávit para financiar investimentos. Considérase que o principal factor de incremento do gasto está nos servizos sociais, cuxo proxecto de gastos global ten un déficit mínimo de 153.969,98 €; por outra banda, as medidas adoptadas para o incremento de ingresos (IVTM, auga e saneamento) estímase que só suporán un incremento da recadación en 13.400 €).

O sr. Deibe (alcalde, PP) considera imprescindible manter o nivel dos servizos sociais, aínda que se pode afrontar unha reorganización; entende que hai que loitar pola mellora do financiamento destes servizos, pero que ten que ser nunha firme unión dos concellos fronte as administracións superiores (vía FEGAMP, FEMP, etc.); posteriormente pódense adoptar as medidas oportunas, como adecuar a ordenanza do prezo público do SAF (para básica), etc.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) comparte a postura do sr. Alcalde en relación á importancia dos servizos sociais.

O sr. Roca (PP) considera que hai que facer unha revisión dos casos de usuarios do SAF: bastantes deles válense bastante ben e non deberían ter opción a conseguir un servizo público a prezo de ganga, cando hai empresas privadas que tamén o prestan.

En resumo, a Alcaldía propón un acordo básico de redución do gasto mediante a racionalización dos servizos sociais e de incremento dos ingresos mediante unha aportación maior dos usuarios do SAF.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa toma constancia do incumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento municipal do 2019, nun importe de 186.416,12 €, que conleva o incumprimento do PEF 2019-2020 (aprobado por acordo plenario do 01-04-2019).

2. Modificarase o PEF 2019-2020 na medida que sexa necesario, coa adopción de medidas de redución do gasto mediante a racionalización dos servizos sociais e de incremento dos ingresos mediante unha aportación maior dos usuarios do SAF.

6. CONECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES.
Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de decembro do 2019, xaneiro e febreiro de 2020, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remitírase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.

7. EXPEDIENTE DE EXPROPIACION TERREOS PARA EXECUCIÓN PROXECTO ENSANCHE E MELLORA CAMIÑO PÚBLICO ARUFE-CHURÍO: RELACIÓN DE BENS DEFINITIVA. Dáse conta da tramitación do expediente de expropiación, iniciado polo acordo plenario do 13-12-2019, polo que se tomou en consideración o proxecto referenciado, e some-teuse a información pública mediante anuncio inserido no BOP da Coruña do 30-12-2019.

Dáse conta tamén das alegacións presentadas durante o período de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do proxecto indicado e separata, que se reducen ao escrito de María Inés Díaz Varela, representando tamén a súa irmá Elba María Díaz Varela, presentado con data do 14-1-2020, no que comunican ser as herdeiras de Manuel Díaz Vidal (parcela 405).

Non se precisa informe técnico para tramitar a citada alegación.

Considérase o disposto polos artigos 15 a 23 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, así como polos artigos 15 a 24 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Estimar a seguinte alegación (única) á relación de bens a expropiar e de necesaria ocupación para a execución do proxecto Ensanche e mellora camiño público Arufe - Churío (POS+ 2020): escrito de María Inés Díaz Varela, representando tamén a súa irmá Elba María Díaz Varela, presentado con data do 14-1-2020, no que comunican ser as herdeiras de Manuel Díaz Vidal (parcela 405); polo tanto, nos seguintes trámites terase a tal comunidade hereditaria como a propietaria da parcela 405.

2. Considerar definitivamente aprobado o proxecto de obras-separata, sen necesidade de modificacións pola estimación da citada alegación.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Aprobar definitivamente a relación de bens e dereitos de necesaria ocupación para a execución das obras do referido Proxecto, que a continuación se indican:

Nº parc expr	1	2	3	4
Referencia Catastral	15040A03800405 0000PD	15040A03800385 0000PU	15040A03800394 0000PG	15040A03800363 0000PQ
Paraxe Aproveitamento	Cal do Fatel Monte baixo S Rústico prot Forestal	Arufe Prado S Rústico prot Forestal	Arufe Prado S Rústico prot Forestal	Folgar Monte alto S Rústico prot Forestal
Superficie a expropiar m ²	130	385	322	332
Titular catastral	Manuel Díaz Vidal (Herdeiros) María Inés Díaz Varela Elba María Díaz Varela	M ^a del Carmen Purriños Vidal (Herdeiros)	José Antonio Cancelo Purriños	M ^a del Carmen Purriños Vidal (Herdeiros)
NIF Semiculto por LOPD	XXXXX832X XXXXX028X XXXXX680X	XXXXX302X	XXXXX097X	XXXXX302X

4. Solicitar á Xunta de Galicia, polas razóns expostas no acordo plenario do 13-12-2020, e de acordo co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

5. Continuar a tramitación do expediente para a determinación do prezo xusto dos terreos citados polo procedemento de taxación individual mediante peza separada. Requirir aos propietarios da relación de bens a expropiar para que no prazo de vinte días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación deste requirimento, presenten follas de aprecio na que se concrete o valor en que estiman os terreos obxecto de expropiación, podendo aducir cantas alegacións estime pertinentes; as valoracións enténdense referidas ao momento de iniciación do expediente de prezo xusto individualizado, é dicir ao 13-12-2019.

Sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE